



**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓN PÚBLICA E XUSTIZA E O CONCELLO DE CASTRO CALDELAS PARA A REPARACIÓN,  
RESTAURACIÓN OU MITIGACIÓN DOS DANOS E EFECTOS CAUSADOS POLOS INCENDIOS QUE SE  
PRODUCIRON EN GALICIA DURANTE O MES DE OUTUBRO DE 2017**

Ourense, 30 de xullo de 2018

**REUNIDOS**

Dunha parte, Alfonso Rueda Valenzuela, vicepresidente e conselleiro da Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, actuando en nome e representación da Xunta de Galicia, en virtude do Decreto 148/2016, do 13 de novembro, polo que se nomean os titulares dos departamentos da Xunta de Galicia, no exercicio das facultades que lle confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia.

Por outra parte, Sara Inés Vega Núñez, alcaldesa do Concello de Castro Caldelas, actuando en virtude das facultades representativas que lle atribúen o artigo 21.1 b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e o artigo 61.1.a) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.

As persoas reunidas actúan no exercicio dos seus cargos e, na representación que ostentan, recoñécense capacidade para obrigarse nos termos do presente convenio de colaboración e para o efecto

**EXPOÑEN**

**Primeiro.** A Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público, e a Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia (en adiante LALGA), recollen ao longo do seu articulado o principio xeral de colaboración interadministrativa.

**Segundo.** Entre as competencias que lle corresponden á Xunta de Galicia en materia de relacións coas entidades locais galegas, de acordo co disposto nos artigos 194 e 195 da LALGA, figuran as de cooperación e colaboración, mediante subvencións eventuais ou continuas, que poderán materializarse, entre outras posibilidades, a través da subscripción de convenios.



Neste mesmo senso, o artigo 48 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, establece que as administracións públicas, os seus organismos públicos e entidades de dereito público vinculados ou dependentes e as universidades públicas, no ámbito das súas respectivas competencias, poderán subscribir convenios de colaboración con suxeitos de dereito público e privado, sen que isto poida supor cesión da titularidade da competencia.

**Terceiro.** O Decreto 72/2013, do 25 de abril, polo que se establece a estrutura orgánica da Vicepresidencia e da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, configura esta como o departamento da Xunta de Galicia ao cal lle corresponde a elaboración, proposta e execución da política do goberno en materia de administración local, emerxencias e interior, entre outras.

As competencias en materia de Administración Local están atribuídas á Dirección Xeral de Administración Local e a este centro directivo correspóndelle, en particular, o fomento das liñas de colaboración coas entidades locais galegas no referente á convocatoria e execución das subvencións a elas destinadas.


**Cuarto.** Segundo dispoñen os artigos 25 e 26.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e os artigos 80 e 81 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, os concellos deberán prestar á súa cidadanía aos servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade de veciños.

**Quinto.** Durante o mes de outubro do ano 2017 unha vaga de incendios forestais ameazou o territorio da nosa comunidade autónoma, nunha situación de extrema dificultade derivada da combinación de altas temperaturas, unha seca prolongada, vento e incendiarios, que causaron graves danos en diversos bens de titularidade pública e privada.

**Sexto.** Mediante o Decreto 102/2017, do 19 de outubro, de medidas urxentes para a reparación de danos causados polos incendios que se produciron en Galicia durante o mes de outubro do ano 2017 (DOG núm. 200, do 20 de outubro), a Xunta de Galicia acordou a fixación de axudas destinadas á reparación dos danos ocasionados polos incendios acontecidos durante o mes de outubro de 2017 no ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia.

O artigo 12 dese Decreto prevé a posibilidade de asinar convenios de colaboración con outras administracións públicas nos seguintes termos:

1. *A Administración da Comunidade Autónoma de Galicia propiciará a subscrición co resto das administracións públicas e coas entidades colaboradoras dos convenios de colaboración que esixa a aplicación deste decreto con vistas ao cofinanciamento das actuacións.*



2. *No que atinxe ás axudas a entidades locais referidas no artigo 5.1.d) do presente decreto, e de acordo co establecido no artigo 38 da Lei 5/2007, do 7 de maio, de emerxencias de Galicia, as achegas da Xunta de Galicia articularanse a través de convenios de colaboración que establecerán o cofinanciamento das actuacións entre as administracións competentes, na porcentaxe que se fixe (...)*”.

**Sétimo.** O artigo 12 da Orde conxunta do 27 de outubro de 2017, mediante a que se establecen as bases reguladoras e a convocatoria das axudas previstas polo Decreto 102/2017, do 19 de outubro (DOG núm. 206, do 30 de outubro), determina as regras a que se suxeitarán os convenios que se subscriban coas entidades locais, para facer fronte aos gastos derivados das actuacións levadas a cabo como consecuencia dos incendios e aos danos causados nos bens e dereitos de titularidade municipal.

**Oitavo.** A Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, elaborou a correspondente relación valorada dos danos producidos nos concellos, logo da recadación dos datos necesarios a través da AXEGA e en colaboración coa Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP).


**Noveno.** No proxecto orzamentario 2017 00114 existe un saldo de crédito, axeitado e suficiente para a súa aplicación eficaz na reparación dos danos sufridos nos bens e dereitos de titularidade municipal afectados polos incendios acontecidos durante o mes de outubro de 2017 no ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia.

Estas circunstancias converxen coa conxuntura descrita e co obxectivo da actuación para acreditar a existencia de razóns de interese público que xustifican o recurso ao procedemento excepcional de concesión directa dunha subvención.

**Décimo.** O Concello de Castro Caldelas expuxo a necesidade de acometer os labores de reparación, restauración ou mitigación dos danos e efectos causados polos incendios como consecuencia da acción catastrófica do lume.

Esta actuación resulta de interese para a Xunta de Galicia polo que supón de potenciación e apoio á prestación de servizos de calidade por parte dos nosos concellos e ao mantemento das infraestruturas municipais, como Administración máis próxima á cidadanía, para a mellora da calidade de vida da veciñanza.

A Xunta de Galicia presta así un apoio especialmente necesario neste caso, considerando as particulares circunstancias do Concello de Castro Caldelas que veñen incidir nun contexto orzamentario fortemente restrictivo do que deriva, entre outras consecuencias, as dificultades deste concello para afrontar en solitario os compromisos económicos que o obxecto desta subvención representa para a facenda





municipal, xa que precisa da reparación dos danos causados nas infraestruturas públicas e o restablecemento dos servizos públicos danados polos incendios acontecidos no mes de outubro do ano 2017, así como aquelas outras actuacións levadas a cabo como consecuencia dos incendios.

A conxuntura descrita e o obxectivo da actuación así como a existencia de crédito axeitado e suficiente para a súa aplicación eficaz nos bens de titularidade municipal sobre os que se actuará a través do convenio que se pretende subscribir, acreditan a existencia de razóns de interese público que xustifican o recurso ao procedemento excepcional de concesión directa dunha subvención a favor do Concello de Castro Caldelas.

**Undécimo.** Conforme co establecido no artigo 26.2º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, faise constar que neste convenio non son de aplicación os principios de publicidade e concorrência pública, xa que o obxecto do convenio é atender as circunstancias específicas do Concello de Castro Caldelas, co fin de que poida reparar os danos causados nas infraestruturas públicas e o restablecemento dos servizos públicos danados polos incendios acontecidos no mes de outubro do ano 2017, así como aquelas outras actuacións levadas a cabo como consecuencia dos incendios, e recuperar o normal desempeño das funcións que ten encomendadas, de forma que se preste un mellor servizo á veciñanza.

**Duodécimo.** O concello cumpre cos requisitos para obter a condición de beneficiario da subvención de acordo co disposto no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

**Décimo terceiro.** A achega económica da Xunta de Galicia farase efectiva con cargo ás aplicacións orzamentarias 05.23.141A.461.2 e 05.23.141A.761.1 (CP2017 00114) e poderá acadar ata o total do investimento ou dos gastos de funcionamento integrantes do proxecto subvencionado, que supoñan a reparación, restauración ou mitigación dos danos que deriven da relación valorada elaborada conforme ao establecido no artigo 12 da Orde do 27 de outubro de 2017.

**Décimo cuarto.** Con base en todo o anterior, co fin de materializar a colaboración antes descrita e estimando que concorren as circunstancias que así o aconsellan, a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia Administracións Públicas e Xustiza, e o Concello de Castro Caldelas acordan subscribir o presente convenio de colaboración, de conformidade coas seguintes

CLÁUSULAS



**Primeira. Obxecto.**

O obxecto do presente convenio é fixar as liñas de colaboración entre a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e o Concello de Castro Caldelas para a execución do proxecto denominado Gastos causados polos incendios do ano 2017 no Concello de Castro Caldelas, cun orzamento total de 2.706,13 € (IVE incluído), segundo a memoria valorada elaborada polo concello, cuxo orzamento se xunta como anexo a este convenio e do cal forma parte.

**Segunda. Obrigas do concello.**


Ademais das establecidas con carácter xeral na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e na súa normativa de desenvolvemento, son obrigas do concello beneficiario:

1. Cumprir o obxectivo, executar o proxecto, realizar a actividade ou adoptar o comportamento que fundamenta a concesión da subvención.
2. Destinar os fondos que se perciban ao obxecto concreto para o que se concede esta subvención, executar as actuacións que constitúen o obxecto deste convenio e cumprir todas as condicións e obrigas recollidas nel.
3. Xustificar ante o órgano concedente o cumprimento da finalidade da subvención, a realización da actividade ou adopción do comportamento que fundamentou a súa concesión e o seu custo real, no prazo e na forma establecidos neste convenio e demais normativa de aplicación.
4. Tramitar o expediente de contratación, de ser o caso, conforme á normativa de aplicación no ámbito local e, especificamente, á que rexe as contratacións das administracións públicas; será o concello contratante o responsable directo das consecuencias que dos incumprimentos puidesen derivar.

O concello beneficiario estará ao disposto no artigo 29.3 da Lei de subvencións de Galicia e nos artigos 9.c) e 10.e) do Decreto 193/2011, do 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas.

Proceder ao reintegro, total ou parcial, das cantidades percibidas, se as houbese, xunto cos xuros de demora correspondentes, segundo o procedemento establecido no artigo 38 da Lei de subvencións de Galicia, nos seguintes supostos:

- a. Incumprimento das condicións establecidas para a concesión da subvención e para a correcta execución e xustificación do proxecto subvencionado.





- b. Incumprimento da obriga de xustificar a efectividade dos pagamentos nos termos da cláusula oitava deste convenio.
  - c. Reintegrarse o exceso de financiamento público polo importe pagado que exceda da cantidade resultante de aplicar ao gasto xustificado a porcentaxe de subvención correspondente, nos termos do artigo 21 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.
  - d. Nos suposto de que se produza exceso das subvencións percibidas de distintas entidades públicas respecto do custo do proxecto ou actividade, nos termos do artigo 23 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.
  - e. Incumprimento das obrigas establecidas no artigo 11 e 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
  - f. Nos demais supostos de aplicación, nomeadamente os establecidos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.
6. Destinar os bens ao fin concreto para o que se concede a subvención durante un período mínimo de cinco anos, procedendo ao reintegro das cantidades percibidas no caso de incumprimento desta obriga. A axuda só será definitiva se non sofre, antes de transcorridos cinco anos do seu remate, unha modificación que afecte á natureza do investimento.
7. Comunicarlle ao órgano concedente a obtención de subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.
8. Consentir expresamente a inclusión dos datos relevantes deste convenio nos rexistros públicos que proceda, conforme coa disposición adicional do Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, dos pagamentos xerais da comunidade autónoma para o exercicio 2006 e artigo 16 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
9. Prestar a colaboración e facilitar tanta documentación lle sexa requirida, no exercicio das funcións de control que lle corresponden á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, ao Consello de Contas e ao Tribunal de Contas, así como o sometemento ás actuacións de supervisión e control previstas na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, así como as xerais derivadas da aplicación da normativa de axudas e subvencións.





**Terceira. Obrigas da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza**

1. Para o financiamento da actuación a que se refire a cláusula primeira deste convenio de colaboración, cada unha das partes achegará os importes máximos e porcentaxes de financiamento sobre o custo final do proxecto subvencionado que se indican no cadro inserido a continuación, con cargo ás respectivas aplicacións orzamentarias:

| ADMINISTRACIÓN                                                                                          | APLICACIÓN ORZAMENTARIA | ACHEGA MÁXIMA (en €) | PORCENTAXE DE FINANCIAMENTO |
|---------------------------------------------------------------------------------------------------------|-------------------------|----------------------|-----------------------------|
| Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, AAPP e Xustiza<br>Dirección Xeral de Administración Local | 05.23.141A.461.2        | 564,00 €             | 50 %                        |
|                                                                                                         | 05.23.141A.761.1        | 789,07 €             | 50 %                        |
| Concello de Castro Caldelas                                                                             |                         | 1.353,06 €           | 50 %                        |
| Total                                                                                                   |                         | 2.706,13 €           |                             |

2. No caso de que o gasto realizado teña un custo inferior ao inicialmente previsto e sempre que isto non supoña unha realización deficiente da totalidade do proxecto, a contía da subvención reducirase proporcionalmente, manténdose constante a porcentaxe da axuda respecto ao custo total do proxecto subvencionado.


**Cuarta. Gastos subvencionables**

1. Ao abeiro deste convenio poderán financiarse os gastos nos que tivese incorrido o concello como consecuencia da realización de actuacións acordadas co obxecto do convenio, incluso aqueles que se teñan efectuado con anterioridade á sinatura deste aínda que se trate de gastos correspondente ao exercicio 2017, sempre que se trate de gastos derivados das actuacións levadas a cabo como consecuencia dos incendios acontecidos en outubro de 2017 e de danos causados nos bens e dereitos de titularidade municipal.

2. En concreto, serán subvencionables:

- a. Os gastos derivados das actuacións levadas a cabo para a extinción dos incendios e protección da seguridade das persoas e bens como consecuencia dos incendios.
- b. Os gastos derivados da reparación ou reposición dos bens de titularidade municipal prexudicados polos incendios.

3. Con carácter xeral, considerarase gasto realizado cando se teña contabilizado o recoñecemento da



obriga polo órgano competente da entidade local, con anterioridade á finalización do período de xustificación determinado na cláusula quinta.

#### Quinta. Conta xustificativa

1. Para percibir o importe da subvención e para xustificar a aplicación dos fondos percibidos, o Concello de Castro Caldelas deberá acreditar a execución da actuación subvencionada mediante a presentación da seguinte documentación:

a. Certificación da intervención ou do órgano que teña atribuídas as facultades de control da toma de razón en contabilidade e do cumprimento da finalidade para a cal foi concedida.

b. Certificación expedida polo secretario/a do concello, co visto e praxe do/a alcalde/sa, relativa á aprobación polo órgano competente da conta xustificativa da subvención en que se faga constar, como mínimo, de forma detallada:

1. O cumprimento da finalidade da subvención.

2. Os distintos conceptos e contías correspondentes aos gastos totais soportados pola entidade beneficiaria imputables á actuación subvencionada coa seguinte relación: identificación do/a acredor/a, certificacións de obra, número de factura ou documento equivalente, importe, data de emisión e data de recoñecemento da obriga polo órgano competente.

c. Documentos acreditativos dos gastos realizados con medios ou recursos propios e a indicación, de ser o caso, dos criterios de repartición dos custos xerais e/ou indirectos incorporados na relación á que se fai referencia no punto b) anterior.



d. Nos supostos previstos no artigo 29.3 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia deberán presentar:

1. Copia compulsada da resolución de adxudicación da obra ou servizo onde quede acreditado o cumprimento do establecido no referido artigo e no 31.3 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

2. Os tres orzamentos que se esixen en aplicación do devandito artigo.

e. Declaración responsable asinada electronicamente pola persoa representante da entidade beneficiaria en que faga constar:

1. O conxunto de todas as axudas solicitadas ou concedidas, para as mesmas actuacións






solicitadas ao abeiro desta orde, das distintas administracións públicas competentes ou outros entes públicos e o compromiso de comunicar de contado cantas axudas solicite e/ou obteña doutras administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, a partir da data desta declaración.

De haber outros ingresos ou subvencións que financien a actividade subvencionada, deberá incluírse unha relación detallada de tales ingresos ou subvencións con indicación do importe e da súa procedencia.

2. Que a entidade beneficiaria non está incurso en ningunha das prohibicións establecidas no artigo 10, números 2 e 3, da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, para obter a condición de beneficiaria/s dunha subvención.

Para os efectos do previsto no artigo 31.7 e concordantes da Lei de subvencións de Galicia, esta declaración será documento suficiente para acreditar que a entidade local beneficiaria se atopa ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social, que non ten pendente de pagamento ningunha outra débeda coa administración pública da Comunidade Autónoma e que non é debedora por resolución de procedemento de reintegro.

- f. De ser o caso, achegarase certificado do acordo de emerxencia adoptado polo órgano de contratación municipal, ordenando as actuacións que procedan, de conformidade co previsto na normativa de contratos do sector público.
- g. No suposto de obras realizadas pola entidade local beneficiaria, achegarase a seguinte documentación adicional:
  - A certificación do apartado b) conterá ademais unha relación dos gastos efectuados con medios ou recursos propios, ordenada segundo o concepto a que se atribúe.
  - Unha certificación emitida polo/a secretario/a-interventor/a ou interventor/a de que os gastos relacionados foron aplicados ao cumprimento do proxecto subvencionado.



- n. Fotografías, en soporte dixital ou papel, do lugar ou lugares onde se efectuasen as obras, tomadas antes, durante e con posterioridade á súa realización. A presentación das fotografías farase de xeito que permita identificar os lugares e o momento da execución a que correspondan, polo que incluírán unha inscrición para o efecto.

- i. No caso da existencia de gastos de persoal, certificación emitida pola secretaría do concello, na que se faga constar que na contratación do persoal seguíronse os procedementos establecidos



na normativa de aplicación ao persoal ao servizo das administracións públicas ou, de ser o caso, con pleno respecto aos principios de igualdade, mérito e capacidade.

2. Á vista desta documentación, a Dirección Xeral de Administración Local, que será o órgano tramitador desta subvención, expedirá certificación acreditativa do cumprimento polo concello beneficiario, dentro dos prazos establecidos, dos requisitos esixidos neste convenio para proceder ao pagamento da subvención.
3. A data límite para a execución das actuacións subvencionadas e para presentar a documentación xustificativa da subvención será o 1 de novembro de 2018.

#### **Sexta. Subcontratación parcial ou total**

1. Para a execución das actuacións que constitúen o obxecto deste convenio o Concello de Castro Caldelas poderá subcontratar parcial ou totalmente a actividade ou investimento subvencionado, salvo que o impida a súa natureza. En ningún caso poderán subcontratarse actividades que, aumentando o custo da actividade subvencionada, non acheguen valor engadido ao seu contido.

Os contratistas quedarán obrigados so ante o concello beneficiario que asumirá a total responsabilidade de execución das actuacións subvencionadas fronte ao órgano concedente.


2. En todo caso, o concello beneficiario deberá observar o establecido no artigo 29.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

#### **Sétima. Réxime de persoal**

Naqueles supostos nos que para o desenvolvemento das actuacións obxecto do presente convenio fose preciso a contratación de persoal, a subscripción do convenio non implica relación laboral, contractual ou de calquera tipo, entre os profesionais que desenvolvan as actividades e a Xunta de Galicia, de tal xeito que non se lle poderá esixir responsabilidade ningunha, nin directa, nin subsidiaria, polos actos ou feitos ocorridos no desenvolvemento deste. En consecuencia o concello asumirá a posición de empresario ou contratante verbo de tales profesionais, e asumirá en exclusiva as obrigas e responsabilidades legais que a normativa legal e convencional lle impón verbo destes.

#### **Oitava. Efectividade dos pagamentos**

1. Para os efectos do establecido no artigo 29.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, considerarase gasto realizado cando se teña contabilizado o recoñecemento da obriga polo órgano competente da entidade local.





2. Sen prexuízo do anterior, o concello beneficiario está obrigado a acreditar documentalmente, mediante certificacións de obra, facturas e xustificantes de transferencia bancaria, a efectividade dos pagamentos dos gastos correspondentes á actuación subvencionada, incorporados na relación indicada na cláusula quinta, alínea b).2, no prazo máximo de sesenta días naturais contados a partir da data do ingreso na conta bancaria do aboamento da subvención concedida.

Para o cómputo do prazo dos sesenta días naturais, o concello presentará un certificado da intervención municipal en que se faga constar a data de ingreso na conta bancaria do concello do aboamento da subvención.

3. No caso dos gastos de persoal a efectividade dos pagamentos acreditarase mediante a presentación dos seguintes documentos:

a) Os gastos acredítanse mediante a presentación de nóminas e TC2.

b) Os pagamentos acredítanse mediante a presentación da seguinte documentación:


- O pagamento de nóminas mediante xustificante da transferencia bancaria á conta do perceptor.
- O pagamento das cotas da seguridade social, mediante a presentación dos TC2 e o recibo de cargo en conta emitido pola entidade bancaria a través da cal se realice o pagamento.
- Documentación xustificativa do ingreso na Axencia Tributaria das retencións e ingresos a conta do I.R.P.F., nos supostos en que este sexa subvencionable.

4. Os xustificantes bancarios estarán debidamente identificados, selados pola entidade bancaria e asinados polo beneficiario.

#### **Novena. Perda do dereito ao cobramento da subvención**

Producirase a perda do dereito do concello beneficiario ao cobramento total ou parcial da subvención no suposto de falta de xustificación, xustificación incompleta ou concorrencia dalgunha das causas previstas no artigo 33 da Lei de subvencións de Galicia e demais lexislación aplicable.

Sen prexuízo de calquera outra causa que derive da normativa aplicable, constitúen en todo caso unha causa de perda do dereito ao cobramento da subvención as seguintes:





- a) Non acreditar a execución do proxecto subvencionado antes da finalización do prazo de xustificación e/ou non presentar toda a documentación xustificativa no tempo e na forma esixibles, de conformidade co previsto na cláusula quinta deste convenio.
- b) Incumprimento das condicións establecidas para a concesión da subvención. Sen prexuízo doutros supostos que o impliquen, considéranse incumprimentos das condicións establecidas para a concesión as seguintes:
- Non executar o proxecto que fundamenta a concesión da subvención. En todo caso, entenderase que non se executou o proxecto completo cando se xustifiquen gastos por importe inferior ao 60% sobre o orzamento inicial. Exceptúanse as reducións no custo final da execución do proxecto respecto do orzamento que derivan de baixas de licitación a favor da proposición economicamente máis vantaxosa.
  - Naqueles casos en que sexa de aplicación o artigo 29.3 da Lei de subvencións de Galicia e o concello non acredite a solicitude dun mínimo de tres ofertas de diferentes provedores e/ou a falta ou insuficiente acreditación de que a elección entre as ofertas se realizou con base en criterios de eficiencia e economía e que recaeu na oferta económica máis vantaxosa.
- Exceptúanse os supostos de execución de obras ou servizos declarados de emerxencia consonte a lexislación de contratos do sector público.
- O incumprimento da obriga de acreditar a execución do proxecto subvencionado antes da finalización do prazo de xustificación, nos termos establecidos na cláusula quinta.
3. A perda do dereito será total ou parcial, segundo afecte todas ou algunhas das actuacións que integran o proxecto que fundamenta a resolución de concesión.

#### Décima. Reintegros

Procederá o reintegro parcial ou total da subvención nos seguintes supostos:

- a) Nos casos previstos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e concordantes do Decreto 11/2009 do 8 de xaneiro.
- No caso de producirse o incumprimento das obrigas do beneficiario da subvención recollidas na cláusula segunda deste convenio ou calquera outra das sinaladas no artigo 11º da Lei de subvencións de Galicia e demais lexislación aplicable, o concello comprométese a reintegrar as





cantidades percibidas, se as houbese, xunto cos xuros de demora que deba aquel, segundo o procedemento establecido no título II do mesmo texto legal.

- c) Procederá o reintegro proporcional se o custo efectivo final do proxecto resulta inferior ao orzado. O eventual exceso de financiamento público calcularase tomando como referencia a proporción que a achega debe alcanzar respecto do custo total, de conformidade co previsto na cláusula terceira deste convenio.
- d) O incumprimento da obriga de xustificar a efectividade dos pagamentos nos termos establecidos na cláusula oitava constitúe causa de reintegro das cantidades percibidas xunto cos xuros de demora correspondentes.
- e) Igualmente, de conformidade co disposto no artigo 17.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, procederá o reintegro do exceso percibido no suposto de que o importe da axuda, illada ou en concorrencia con subvencións ou axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade subvencionada.

De resolverse o convenio, a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza poderá esixir o reintegro das cantidades achegadas, de ser o caso.

#### **Décimo primeira. Compatibilidade con outras subvencións**

Conforme o disposto no artigo 40.1º, letra d) do Decreto 11/2009, a achega económica prevista no presente instrumento será compatible con outras subvencións, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

Porén, o importe da subvención en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo do proxecto subvencionado.

#### **Décimo segunda. Facultades de inspección**

Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, a través dos seus servizos técnicos resérvase a facultade de realizar as inspeccións e comprobacións que considere necesarias co fin de asegurar o cumprimento das normas e requisitos cos que se concede esta axuda.





### **Décimo terceira. Seguimento do convenio**

1. Para facilitar o seguimento, cumprimento e a coordinación do convenio, constituirase unha comisión mixta de seguimento, integrada por:
  - Dúas persoas representantes do Concello
  - Dúas persoas representantes da Dirección Xeral de Administración Local
2. A comisión rexerá polo establecido na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público e estará presidida por quen acorden os membros da comisión por maioría simple e actuará como secretario quen se designe da mesma forma.
3. A comisión poderá ditar as súas propias normas de funcionamento, debendo reunirse cando así o solicite algunha das partes. As súas funcións serán:
  - Interpretación do convenio
  - Intervención previa á resolución por incumprimento
  - Proposta, de ser o caso, de addendas
  - Resolver cantas dúbidas se lle presenten polos membros integrantes.
  - Calquera outras relacionadas co desenvolvemento deste convenio

### **Décimo cuarta. Causas de resolución**

O presente convenio resolverase:


- a) Por denuncia unilateral con preaviso de dous meses ou por mutuo acordo.
- b) Por incumprimento total ou parcial dalgunha das estipulacións que o regulan.
- c) Polo vencemento do prazo de vixencia.
- d) Polo transcurso do tempo fixado sen que se execute e/ou xustifique a realización do obxecto da subvención nos termos establecidos neste convenio.

### **Décimo quinta. Vixencia do convenio**

Sen prexuízo do establecido na cláusula cuarta, o presente convenio entrará en vigor o día da súa sinatura e estenderá a súa vixencia ata o 1 de novembro de 2018.

### **Décimo sexta. Natureza do convenio**

O presente convenio ten natureza administrativa e as discrepancias que xurdan pola súa aplicación



serán resoltas, logo de informe ou proposta da comisión de seguimento, pola Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, quedando as partes suxeitas á xurisdición contencioso-administrativa para a resolución de calquera conflito que puidese xurdir na súa aplicación.

#### **Décimo sétima. Publicidade do convenio**

1. As partes asinantes do convenio manifestan o seu consentimento para que os datos persoais que constan neste convenio, así como o resto das especificacións contidas nel, poidan ser publicados no Portal da Transparencia e Goberno Aberto.
2. En cumprimento do disposto nos artigos 18 e 20.8 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, comunicárase a subscrición deste convenio á Base de Datos Nacional de Subvencións, que opera como sistema nacional de publicidade de subvencións.

#### **Décimo oitava. Normativa aplicable**

En todo o non previsto expresamente polo presente convenio estarase ao disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei de subvencións, e no Decreto 193/2011, do 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas e demais normativa de aplicación.

En proba de conformidade co expresado neste convenio, asínase polas partes comparecentes, por duplicado exemplar e para un só efecto, no lugar e data que se sinalan no encabezamento.

O vicepresidente e conselleiro de Presidencia,  
Administracións Públicas e Xustiza  
P.D.S. (Orde do 24.07.2018)

A directora xeral de Administración Local



Marta Fernández-Tapias Núñez

A alcaldesa do Concello de Castro Caldelas



Sara Inés Vega Núñez



**Anexo. Orzamento**

**A) GASTOS DE FUNCIONAMENTO**

|                                                    |                   |
|----------------------------------------------------|-------------------|
| 1. Material para extinción de incendios            | 848,00 €          |
| 2. Transporte de auga e servizo de subministración | 280,00 €          |
| <b>TOTAL</b>                                       | <b>1.128,00 €</b> |

**B) INVESTIMENTOS**

|                                                                |                   |
|----------------------------------------------------------------|-------------------|
| 1. Conducción de auga entre depósito nº 2 e depósito do Burgo  | 101,00 €          |
| 2. Conducción de auga entre captación e depósito de Vilamaior  | 1.174,12 €        |
| 3. Conducción de auga entre captación nº 1 e depósito do Burgo | 303,01 €          |
| <b>TOTAL</b>                                                   | <b>1.578,13 €</b> |

**ORZAMENTO TOTAL (IVE incluído) 2.706,13 €**